



DEMOCRACIA ENVENENADA

Vulneracións dos dereitos civís na Galiza 2010-2014

No país do 'Nunca Máis', unha maré de autoritarismo e control social continua a poluir a convivencia democrática da cidadanía . Como elementos tóxicos a envenenar as liberdades civís das galegas e galegos, os abusos policiais, as limitacións dos dereitos de expresión e manifestación, as sancións administrativas a militantes e activistas sociais ou as discriminacións por motivos ideolóxicos, étnicos ou lingüísticos, están á orde do día no noso país.

Esculca, observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades, describe neste relatorio centos de casos recollidos nas ruas galegas nos cinco anos comprendidos de 2010 a 2014, e que deseñan, sen paliativos, unha democracia doente. Coñecer e reflectir sobre o problema que ilustran é o primeiro paso para conseguirmos que eses mesmos dereitos e liberdades -hoxe danadas e ameazadas- volvan florecer na nosa terra.



http://www.esculca.gal/democracia_envenenada/